

28

Taxa pola prestación do
servizo municipal de axuda
no fogar.



**“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL
DE AXUDA NO FOGAR**

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), o Concello de Mos establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar á que se refire os apartados letra ñ) do número 4 do artigo 20 do citado RDL 2/2004, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda a domicilio concedido a través dos servizos sociais municipais de conformidade co Regulamento do Servizo.

ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS

1. – É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito imponible deste tributo.

2. – Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos segundo o disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. CUOTA TRIBUTARIA

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

CAPACIDADE ECONÓMICA (REFERIDA AO IPREM)	GRADO I		GRADO II		GRADO III	
	NIVEL I 20 HORAS	NIVEL II 30 HORAS	NIVEL I 40 HORAS	NIVEL II 55 HORAS	NIVEL I 70 HORAS	NIVEL II 90 HORAS
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300 % e menor ou igual ao 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, a corporación local establecerá unha regulación progresiva de participación económica no



custo do servizo que terá en conta a estrutura de rendas no concello e o cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido no artigo 60 deste decreto. Para estes efectos adaptará, mediante a ordenanza reguladora do correspondente servizo, a seguinte táboa:

INGRESOS SEGÚN IPREM	DESDE	ATA	COPAGO	90 HORAS III-2	70 HORAS III-1	55 HORAS II-2
Entre o 80 % e o 100 %	426	532,51	10%	90	70	55
Entre o 100 % e o 125 %	532,51	665	20%	180	140	110
Entre o 125 % e o 150 %	665	798	30%	270	210	165
Entre o 150 % e o 175 %	798	931	40%	360	280	220
Entre o 175 % e o 200 %	931	1065	50%	450	350	275
Entre o 200 % e o 225 %	1065	1198	60%	540	420	330
Entre o 225 % e o 250 %	1198	1331	70%	630	490	385
Mais do 250%	1331		80%	720	560	440

* Aplicada sobre a taxa de 10 €/hora

Estarase, en todo caso, ao disposto no citado Decreto e demais normativa aplicable.

ARTIGO 5. DEVENGO

Devengarase a taxa e, en consecuencia, nace a obrigaón de contribuír, no momento en que se notifique a prestación do servizo sendo o período impositivo mensual.

O pagamento das taxas realizarase a mes vencido determinando a interrupción do servizo a falta de pagamento de tres cotas de aboamento.

O Departamento de Benestar Social remitirá á oficina de Recadación relación mensual dos usuarios con especificación dos datos bancarios e os correspondentes recibos así como informe das cotas que deban ser anuladas.

ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Estarase ao disposto na Lei Xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o previsto na Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Mos, 20.09.2012. — A Alcaldía, Nidia Arévalo Gómez.

2012009362